

# Javier Ares Espiño

Nado en Ourense en 1979, comezou os seus estudos de piano no Conservatorio de Betanzos, continuando no Conservatorio Superior de A Coruña baixo a dirección de Natalia Lamas. Ao longo dos seus estudos obtivo varias Matrículas de Honra, así como Mención de Honra Fin de Grao Medio e Mención de Honra Fin de Grao Superior. Realizou cursos de perfeccionamento pianístico cos profesores Mariana Gurkova, Josep Colom, Guillermo González, Domenico Codispoti e Luca Chiantore, e de música de cámara con Luis Rego. Posteriormente ampliou os seus estudos no Centro Superior de Ensinanza Musical Katarina Gurska recibindo clases dos pianistas Alexander Kandelaki e Nino Kereselidze.



Desenvolve unha ampla actividade dentro da música de cámara en diversas formacións: Ensemble Logos (cuarteto de corda e piano), Ensemble Poulenc 2007 (quinteto de vento e piano), Trío Caronium (corda e piano), Ensemble Arriola (cuarteto de corda e piano); e tamén colaborou coas agrupacións Hercules Brass e Zoar. Realizou múltiples recitais en diversas formacións de dúo, entre eles destacan os que realizou cos tubistas Gene Pokorny e Rex Martin, co frautista Hervé Hotier, cos

clarinetistas Carlos Casadó e Antonio Suárez, ou cos trombonistas James Markey, Alberto Urretxo, Iago Ríos, Ko-ichiro Yamamoto e Jacques Mauger.

Forma co pianista Jorge Briones o Dúo Scaramouche, realizando dende o ano 2010 varias estreas de compositores galegos contemporáneos que foron rexistradas por Radio Galega. Como solista destaca a súa participación no Festival Are More cun recital dentro do ciclo da integral das sonatas de Mozart, a presentación en varios escenarios galegos dun programa adicado a sonatas de compositores rusos ou as súas actuacións como solista coa Banda Municipal de A Coruña e a Banda Municipal de Santiago de Compostela, con Javier Viceiro-Filgueira como director.

No ano 2001 iniciou a súa labor docente no Conservatorio Superior de Música de Vigo e dende 2008 é profesor de piano e pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de A Coruña. Ingresou en 2017 no Corpo de Catedráticos de Música e Artes Escénicas na especialidade de Piano a través do Principado de Asturias (BOPA 25 de abril de 2017) e ao ano seguinte ingresou no mesmo corpo e especialidade a través da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 18 de setembro de 2018).

A través do programa de doutoramento "Música na España Contemporánea" (UGR, UB, UNIOVI e USC) inicia a súa faceta como investigador, que culmina coa publicación de *Catálogo de Carlos López García-Picos* (2011) e coa obtención en 2014 do título de Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela, baixo a dirección do Dr. Carlos Villanueva, obtendo a cualificación de Sobresaliente "cum laude". Entre as súas publicacións destaca a súa monografía titulada *Carlos López García-Picos. Música a orillas del Atlántico* (2016), co editada pola USC, Xunta de Galicia e Concello de Betanzos.

É membro da Irmandade da Música Galega, grupo cívico cooperativo no que conflúen profesionais da música, investigadores, colaboradores e colectivos que se reúnen coa finalidade de traballar na posta en valor, preservación, divulgación e dinamización da música patrimonial galega.

Forma parte do Grupo Organistrum da USC, a través do que participou no Proxecto I+D+i *Fondos documentais de música nos arquivos civís de Galicia (1875-1951): Cidades do Eixe Atlántico* (REF: HAR2015-64024-R) e actualmente participa no Proxecto de I+D+i *Galicia-América: Música civil, ideoloxía e identidades culturais a través del Atlántico (1800-1950)* (REF: PID2020-115496RB-I00).

[javierares.gal](http://javierares.gal)